



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A LICITACIÓN DA OBRA "RESTAURACIÓN DO PALCO DA MUSICA DO CANTON DE DIÓMEDES". POSTA EN COÑECEMENTO DE INFORME TÉCNICO Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA, ACORDO DE PROPOSTAS ECONÓMICAS ADMITIDAS E PROPOSTA DE OFERTA MAIS VANTAXOSA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás dez horas e quince minutos do día 27 de setembro de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros.

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Non asiste a Concelleira delegada de urbanismo, Dna. Yolanda Rodríguez Rodríguez.

1.- A Mesa de Contratación celebrada o pasado día 28/08/2017, acto de apertura pública das propostas económicas presentadas á licitación, adoptou por unanimidade o seguinte acordo:

(...),

Primeiro.- Solicitar á empresa GESTIONES E INVERSIONES ALPER,S.L, con enderezo en rúa Tomás Alonso, 160 ofic. 4 2ª - 36.208 Vigo, correo electrónico: gestinvalper@hotmail.com, ao abeiro do que cita o art. 152.3 TRLCSP, "xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de cinco días hábiles ao licitador, aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP".

2.-Rematado o prazo concedido ao devandito licitador para a presentación da documentación requirida, a empresa Gestiones e Inversiones Alper, S.L, achega escrito de data 01/09/2017, con R.E. 2017-E-RC-8045, e data 04/09/2017.

3.-Derívase a documentación xustificativa achegada por este licitador ao arquitecto técnico municipal aos efectos de informe, o cal emite con data 13/09/2017, sendo o contido do mesmo o que a continuación se transcribe literalmente:

“JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Departamento de Urbanismo, a petición do Departamento de Contratación, en relación á xustificación de baixa desproporcionada presentada na licitación da obra de RESTAURACIÓN DO PALCO DA MÚSICA DO CANTÓN DIÓMEDES convocada polo Concello de Tui, emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

- Con data 28 de agosto de 2017 constitúese a mesa de contratación da obra de RESTAURACIÓN DO PALCO DA MÚSICA DO CANTÓN DIÓMEDES para realizar a apertura do sobre nº 2 CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Preséntanse un total de 5 empresas.

Despois de proceder á análise das ofertas económicas a Mesa de Contratación ACORDA solicitar á empresa GESTIONES E INVERSIONES ALPER SL *xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado*

- A empresa GESTIONES E INVERSIONES ALPER SL presenta xustificación da súa oferta económica (RE 2017-E-RC-8045 de 04/09/2017), que se me achega o 11 de setembro de 2017.

2.- ANÁLISIS DA XUSTIFICACIÓN PRESENTADA

Indícase na xustificación que

“[...]

Esta mercantil cree necesario indicar al órgano de contratación que la misma ha tenido en cuenta las siguientes premisas sobre las cuales ha realizado su oferta y sus particularidades:

- MAQUINARIA: Nuestra empresa dispone de amplios equipos de maquinaria y medios auxiliares en propiedad y amortizados a día de hoy, que nos permite reducir costes directos de las partidas a ejecutar en estas obras.

- MATERIALES: Debido al volumen de obra contratada en los últimos meses con materiales de características similares y gracias a la colaboración durante años de suministradores habituales, obtenemos precios muy competitivos que nos permiten reducir costes en la compra y suministro de materiales.

- MANO DE OBRA: Contamos con operarios que llevan años trabajando en su puesto de trabajando en su puesto de trabajo del cual han adquirido una experiencia que conlleva rendimientos de obra y disminución de plazos produciendo de este modo una reducción en los costes directos indirectos y de estructura.

- COSTES INDIRECTOS: Para el cálculo de los costes indirectos de la obra contamos con un equipo técnico y personal de obra que es estos momentos se encuentra en ejecución de varias obras con características muy similares a la del presente informe, por tales motivos también podemos ajustar de una forma muy importante los coste los costes indirectos y generales de la obra, al coincidir en el tiempo con la ejecución de los trabajos de la presente obra.



- **Para el cálculo de los precios** establecidos en cuanto a maquinaria y mano de obra para la justificación de precios son por un lado sin la amortización de la misma ya que no se ha internalizado en su coste por razones que hemos aducido anteriormente, pero con precios de mercado y por otro la mano de obra similar a la existente no sólo en la justificación de precio sino siguiendo la realidad dentro de la empresa la cual cumple con las tablas salariales exigibles por el convenio de la construcción y el estatuto de los trabajadores.
 - Se ha procedido a realizar el cálculo total en esta empresa entiendo debe incurrir en la realización de la obra, descompuesto de las siguientes partidas:
 - Coste de Ejecución material
 - Coste Directo
 - Coste Maquinaria y Mano de obra.
 - Coste Materiales y medios auxiliares.
 - Coste Indirectos
 - Gastos generales de empresa: El porcentaje de gastos generales de nuestra empresa (entre los que se han tenido en cuenta los estructurales y financieros) es del 8%, atendiendo a la estructura de que disponemos y la facturación anual que realizamos.
 - Beneficio de empresa: El beneficio de empresa que hemos considerado en esta obra es de un 6% del coste de ejecución.
- [...]"

Con respecto á documentación aportada

- Indícase pola empresa que se ha procedido a realizar el cálculo total en esta empresa entiendo debe incurrir en la realización de la obra, descompuesto nos costes de maquinaria, mano de obra, materiales, medios auxiliares y costes indirectos. Sen embargo no anexo, CUADRO JESTIFICATIVO tan só indícanse os prezos unitarios de cada partida, pero non se aportan nin prezos unitarios de materiais, nin de medios auxiliares, nin de man de obra, nin prezos descompostos, nin rendementos, nin se indican os custos indirectos da obra (persoal técnico, implantación e mantemento de obra ...).
- Non se aportan ofertas dos subministradores.
- Indícase pola empresa que os gastos xerais da empresa son dun 8%, atendiendo a la estructura de que disponen y la facturación anual que realizan, pero non se aporta ningunha documentación que xustifique este dato.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.
- O cartel de obra que ten a obriga de colocar.
- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifica a oferta económica presentada en ningunha partida; non se aportan prezos descompostos; nin xustificación de prezos de maquinaria, man de obra e materiais; nin xustificación dos custos indirectos da obra; non se aportan ofertas dos subministradores
- non se xustifica á contía indicada do 8% para gastos xerais.
- non xustifican os gastos derivados do contrato.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de GESTIONES E INVERSIONES ALPER S.L."**.

A continuación, a Mesa de Contratación realiza a valoración de melloras das empresas que finalmente son admitidas á licitación, todo elo de conformidade coa cláusula 17ª criterios cuantificables de forma automática, obténdose a seguinte puntuación:

Empresa	Oferta Económica	Puntos	Reducción Prazo Execución	Puntos	Incremento Garantía	Puntos	TOTAL
Construcciones Mascareñas e Hijos S.A.	51400,00	40,00	4 semanas	32,00	4 años	28,00	100,00
Construcciones Abal, S.A.	53299,38	32,24	Falta	0,	4 años	28,0	60,24

			programa de Trabajo *	00		0	
--	--	--	-----------------------	----	--	---	--

* A empresa non achega programa de traballo. O contratista, de conformidade coa cláusula 17.1.b, estará na obriga de presentar coa oferta relativa á redución do prazo de execución, un programa de traballo diario que xustifique o prazo ofertado e reflecta con total claridade as obras a executar diariamente.

A Mesa de Contratación, a vista do anterior, e de conformidade co informe anteriormente transcrito, ACORDA:

1º.-Propoñer ao órgano de contratación o rexeitamento da proposta económica presentada polo licitador "*Gestiones e Inversiones Alper, S.L.*", con enderezo na rúa Tomás Alonso, 160 ofic. 4-2ª Vigo e CIF B-36.558.906 por considerarse incurso en baixa temeraria ao non estar xustificada a viabilidade da proposta económica de acordo coa motivación sinalada no informe do arquitecto técnico municipal de data 13/09/2017.

2º.-Outorgar as seguintes puntuacións as propostas económicas e melloras admitidas e que a continuación se indican:

Contrato de obra "Restauración do Palco da Música do Cantón de Diómedes.							
Orzamento de licitación: 61.195,75€							
Empresa	Oferta Económica	Puntos	Reducción Prazo Execución	Puntos	Incremento Garantía	Puntos	TOTAL
Construcciones Mascareñas e Hijos S.A.	51400,00	40,00	4 semanas	32,00	4 años	28,00	100,00
Construcciones Abal, S.A.	53299,38	32,24	Falta programación *	0,00	4 años	28,00	60,24

3º.-A vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa "**Construcciones Mascareñas e Hijos, S.A., con CIF A-32026536**, como oferta económica mais vantaxosa, con enderezo na rúa Florentino Cuevillas, nº 6 Entlo. 32003 – Ourense, correo electrónico construcciones@mascarenasihijos.es, que se eleva ao órgano de contratación para requirir ao licitador proposto para que presente a documentación xustificativa de conformidade co disposto no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como a documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo a declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013, de 27 de setembro.

Dado que o licitador proposto está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma co número 1395, así como no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado co nº de expte. 40439R/3983, coa clasificación entre outras da Grupo K, Subgrupo



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Teléf.: 986 603 625 - Fax: 986 604 148

7, Categoría 1, (que recollía o PCAP para acreditar a solvencia), os datos que aparezan nos referidos certificados acreditativos dos aspectos contemplados no artigo 328 do TRLCSP, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios co fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos; todo elo de conformidade co indicado na cláusula 15ª do prego de condicións administrativas.

De seguido, as dez horas e trinta minutos dase por rematado este acto, do que eu secretario certifico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

